

COMUNICADO DE PRENSA **O CARBALLIÑO 21/4/17**

A COLABORACION DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE CO CONCELLO DO CARBALLIÑO, É FUNDAMENTAL PARA DESENVOLVER PROXECTOS ESTRATÉXICOS PARA OS VECIÑOS/AS DO NOSO POBO.

A DEPUTACION AGORA APORTA 100.000€ AO PROXECTO DE MELLORA DA RUA OTERO PEDRAIO NA QUE O CONCELLO APORTA 20.000€.

E UNHA DEMOSTRACIÓN MAIS DA IMPORTANCIA DA COLABORACIÓN ENTRE ADMINISTRACIONES SEXAN DO COLOR, E DA NECESIDADE DA EXISTENCIA DAS DEPUTACIONES PROVINCIAIS.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular do Carballiño, aplaudimos a colaboración que a Deputación está a facer co Concello do Carballiño, unha vez mais, atendendo a aqueles proxectos que se xustifican como necesarios para o noso pobo.

Neste caso a mellora da Rúa Otero Pedraio, con novo pavimento, mellora nas canalizacións, e remate de beirarúas, precisaba de Deputación Provincial e esta non dubidou en colaborar coa aportación de 100.000 € que sumados aos 20.000€ que pon o concello, fará posible esta obra. Esta obra considerámola de importancia, pois completa a xa iniciada no mandato anterior do Carballiño en goberno do PP, no que se cambiaron as tuberías e melloraron as beirarúas no primeiro tramo desta rúa.

O Grupo municipal do Partido Popular do Carballiño, aínda estando na Oposición, está a ser un grupo colaborador co goberno municipal, no referido a consecución de axudas doutras administracións para proxectos que consideramos de importancia para os nosos veciños/as, e o facemos co mesmo entusiasmo como si estiveramos gobernando, pois o benestar dos nosos veciños/as é o que nos move, sen esquecer, evidentemente, a nosa laboura de control ao Goberno municipal.

A Deputación Provincial de Ourense, no que vai de ano executou a mellora do entorno do baño de Arcos, executou un primeiro acceso provisional ao Balneario de Partovia, concedeu subvención coa máxima aportación á Festa do pulpo do 17, facilita a contratación de 4 persoas para o servizo de limpeza, e no que queda de ano, a maiores desta obra na rúa Otero pedraio, colaborará na mellora de pavimentación das rúas no núcleo de Señorín, e no entorno do pabellón de Deportes.

Entendemos dende o Partido Popular do Carballiño, que a existencia das Deputacións estase a comprobar permanentemente que se fai imprescindible para concellos como o do Carballiño, que na nosa provincia son moitos, e non entendemos como outros as rechazan e outros que se benefician das súas aportacións, as poñen moitas veces en dúbida.